

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**3022** *Real decreto lei 1/2009, do 23 de febreiro, de medidas urxentes en materia de telecomunicacións.*

As principais economías desenvolvidas, entre as cales se encontra a española, están a experimentar unha grave crise financeira que afecta o bo funcionamento dos mercados e dificulta a captación de recursos por parte de practicamente todos os sectores. Esta situación prodúcese nun momento crítico para as empresas de televisión como é o proceso de transición da emisión analóxica á dixital que implica a necesidade de atender os retos tecnolóxicos e, paralelamente, lograr un mercado competitivo. Estas dificultades, ás cales se suma a redución de ingresos publicitarios, ameazan o equilibrio do servizo de televisión. O éxito do proceso de transición da TDT depende en gran medida de que haxa as menores alteracións económicas posibles para os suxeitos encargados da súa implementación e que as empresas dispoñan de fortaleza financeira para afrontar os investimentos necesarios.

Por outro lado, para garantir que a cobertura en cada fase do plan de transición á TDT é plenamente satisfactoria, isto é, que con independencia do lugar de residencia e da viabilidade económica da prestación do servizo, o cidadán recibe o sinal de TDT, o real decreto lei configura no capítulo primeiro a plataforma satelital como a solución máis adecuada. Deste modo, mediante sistemas de satélite, realízase a extensión complementaria da cobertura poboacional dos canais de televisión dixital terrestre de ámbito estatal, respecto das zonas en que residan cidadáns que non vaian ter cobertura deses canais de televisión unha vez cumpridos os compromisos de alcanzar o 96% da poboación polos operadores privados do servizo de televisión dixital terrestre de ámbito estatal e do 98% da poboación pola Corporación de Radio e Televisión Española, así como realizadas as extensións de cobertura, polas administracións públicas, alén das citadas porcentaxes de poboación. Esta obriga de extensión complementaria de cobertura a través de sistemas por satélite, que se considera que alcanzará no arredor do 1,5% da poboación que se sitúa en zonas dispersas e illadas do territorio e cuxa cobertura mediante emisores terrestres de televisión supón un custo desproporcionado, non modifica nin condiciona as obrigas de cobertura poboacional establecidas aos operadores do servizo de televisión dixital terrestre de ámbito estatal. Así o entenderon os principais países da nosa contorna, promovendo a posta en funcionamento de plataformas satelitais para proporcionar cobertura da televisión a todos os seus cidadáns e facilitar o tránsito á TDT.

Neste senso establécese que todos os operadores de servizos TDT deberán pór os seus canais á disposición dos prestadores dun mesmo distribuidor de servizos por satélite ou dun mesmo operador de rede de satélites. Esta obriga de servizo público deberá ser satisfeita de forma conxunta, isto é, acordando previamente entre si os operadores as plataformas satelitais a que ofrecerán os seus contidos, ao ser o mellor medio para evitar un sobreesforzo aos propios operadores e, pola súa vez, que todos os cidadáns poidan acceder en condicións de igualdade aos distintos canais emitidos.

No capítulo segundo, o real decreto lei contén un conxunto de regras destinadas a garantir a sustentabilidade financeira das empresas que prestan o servizo de televisión. As posibilidades de capitalización e concentración que abre este real decreto lei deben provocar, se for o caso, as sinerxías necesarias para garantir a estabilidade dos operadores presentes no sector, sen abandonar os retos tecnolóxicos a que se enfrenta neste novo proceso cara á emisión dixital. Avánzase na liberalización eliminando, así, a imposibilidade de posuír máis dun 5% en distintos prestadores, coa expectativa de estes poderen atraer á súa actividade o capital financeiro necesario. No entanto, estas novas oportunidades non han minguar o pluralismo televisivo que se construíu nas últimas dúas décadas. Para isto, o presente real decreto lei arbitra límites respecto á simultaneidade de participacións

no capital social de distintos operadores establecendo a barreira do 27% de audiencia media dos operadores en que o titular das participacións simultáneas conta con máis do 5% do capital e limita a acumulación de dereitos de uso sobre o dominio público radioeléctrico. A aplicación das medidas previstas para garantir o pluralismo pasará a ser exercida polo órgano que se cree para o efecto na nova regulación do sector audiovisual.

A necesidade de adoptar urxentemente estas medidas está sobexamente xustificada; ademais do xa apuntado respecto ao contexto económico actual, débese ter presente o inminente vencemento das datas límite para efectuar o cesamento das emisións con tecnoloxía analóxica, e particularmente da primeira delas: o 30 de xuño de 2009. Por tanto, antes do seu respectivo vencemento deberanse ter adoptado todas as medidas técnicas necesarias para garantir que a poboación afectada en cada fase do plan nacional de transición poida recibir a TDT no seu domicilio con independencia de onde se encontra o seu domicilio.

Por outra parte, cómpre abordar tamén os efectos do proceso de liberalización do sector enerxético e a inminente entrada en vigor da subministración de último recurso que afondará na liberalización do sector eléctrico de maneira que só os consumidores cunha potencia reducida poderán acollerse ás tarifas de último recurso nos termos exixidos pola normativa comunitaria na materia, require a creación e funcionamento, con carácter previo á aplicación efectiva dese marco, dunha oficina de información, atención e arbitraje para o consumidor de produtos enerxéticos. Só coa súa creación urxente poderá actuar con plena eficacia desde o primeiro momento, sobre todo tendo en consideración que é precisamente no tránsito dunha norma a outra cando se van producir os principais riscos para os consumidores.

Adicionalmente, a crecente demanda por parte dos consumidores dunha maior transparencia, claridade e información na facturación, exige adoptar as medidas orgánicas e funcionais necesarias para a protección de todos eles.

En consecuencia, e dada a experiencia da Comisión Nacional de Enerxía na supervisión dos mercados, na resolución de conflitos entre axentes e tomada en conta a especialización propia que na materia ten como regulador enerxético, faise necesario pór en marcha de inmediato unha oficina de defensa do consumidor de produtos enerxéticos no seo da Comisión Nacional de Enerxía que axilice a resolución de posibles controversias que poidan xurdir entre os operadores enerxéticos e os consumidores.

En virtude da urxencia da adopción das medidas, para permitir a súa inmediata efectividade, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de febreiro de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### **Desenvolvemento tecnolóxico dos servizos de difusión de televisión e radio**

Artigo 1. *Modificación da Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo.*

A Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo, modifícase nos termos seguintes:

Un. Engádesse unha nova disposición adicional sétima coa redacción seguinte:

«Disposición adicional sétima. *Cobertura complementaria do servizo de televisión dixital terrestre de ámbito estatal.*

1. A Corporación de Radio e Televisión Española e as sociedades concesionarias do servizo público de televisión dixital terrestre de ámbito estatal deberán pór,

conxuntamente, os canais que emiten en aberto á disposición, cando menos, dun mesmo distribuidor de servizos por satélite ou dun mesmo operador de rede de satélites no prazo de tres meses, contados desde a aprobación desta norma.

2. O acceso aos referidos canais difundidos polo sistema ou sistemas de difusión por satélite limitarase aos cidadáns que residan en zonas en que, unha vez concluída a transición á televisión dixital terrestre, non vaia existir cobertura do servizo de televisión dixital terrestre de ámbito estatal. Este acceso non requirirá a necesidade de subscrición ao servizo polos usuarios nin a de aluguer dos equipamentos descodificadores.

3. Os órganos competentes da Administración do Estado supervisarán a concorrencia dos requisitos mencionados no número anterior que xustifican a obriga imposta á Corporación de Radio e Televisión Española e as sociedades concesionarias do servizo público de televisión dixital terrestre de ámbito estatal

4. O sistema de difusión por satélite poderá difundir canais de televisión dixital terrestre de ámbito inferior ao estatal, sempre que se garanta que o acceso a eses canais se limita aos cidadáns residentes na área xeográfica correspondente a cada unha das concesións do servizo de televisión.

5. O sistema de difusión por satélite, en canto realiza unha cobertura complementaria do servizo de televisión dixital terrestre e exclusivamente efectúa unha reemisión de sinais que xa son obxecto de difusión, non precisará dispor dunha autorización de televisión por satélite para difundir os canais de televisión dixital terrestre a que se refiren os parágrafos anteriores.

6. Mediante real decreto desenvolverase o establecido neste precepto.»

## CAPÍTULO II

### **Medidas para o mantemento da transparencia e o pluralismo no mercado televisivo por ondas terrestres hertzianas**

Artigo 2. *Modificación do artigo 19 da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada.*

1. Dáse unha nova redacción ao punto segundo do artigo 19.1 da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, nos termos seguintes:

«As persoas físicas e xurídicas poden ser titulares simultaneamente de participacións sociais ou dereitos de voto en diferentes concesionarios do servizo público de televisión no ámbito estatal.

Non obstante, e para as concesións do servizo público de televisión de ámbito estatal, ningunha persoa física ou xurídica poderá adquirir unha participación significativa en máis dunha concesión cando a audiencia media do conxunto dos canais das concesións de ámbito estatal consideradas supere o 27% da audiencia total durante os doce meses consecutivos anteriores á adquisición.

A superación desta porcentaxe con posterioridade á adquisición dunha nova participación significativa non será considerada para os efectos da aplicación do previsto nos artigos 17.2 e 21 bis desta lei.»

2. Modifícase o artigo 19 da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, engadindo tres novos números cuxos termos son os seguintes:

«9. As participacións sociais ou dereitos de voto de persoas físicas ou xurídicas nacionais de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo que se adquiran a partir da entrada en vigor deste real decreto lei en concesionarios do servizo público de televisión estarán suxeitas ao cumprimento do principio de reciprocidade.

De producirse un incremento nas participacións ou dereitos de voto que, no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, teñan as persoas físicas e xurídicas nacionais de países que non sexan membros do Espazo Económico

Europeo, a porcentaxe total do capital social da persoa xurídica titular da concesión deberá ser, en todo momento, inferior ao 50%.

10. Ningunha persoa física ou xurídica poderá adquirir unha participación significativa ou dereitos de voto en máis dunha concesión do servizo público de televisión:

a) Cando as concesións do servizo público de televisión de ámbito estatal acumulen dereitos de uso sobre o dominio público radioeléctrico superiores, no seu conxunto, á capacidade técnica correspondente a dous canais múltiples.

b) Cando as concesións do servizo público de televisión de ámbito autonómico acumulen dereitos de uso sobre o dominio público radioeléctrico superiores, no seu conxunto, á capacidade técnica correspondente a un canal múltiple.

11. Ningunha persoa física ou xurídica titular ou partícipe dunha concesión de servizo público de televisión de ámbito estatal poderá adquirir unha participación significativa ou dereitos de voto noutra concesión cando isto supoña impedir a existencia de, cando menos, tres concesionarios asegurándose o respecto ao pluralismo informativo.»

*Artigo 3. Limitación de uso do espectro radioeléctrico por prestadores en xestión directa do servizo de televisión por ondas terrestres.*

1. No ámbito de cobertura estatal, o Estado non poderá reservar ou adxudicar aos prestadores de titularidade pública máis do 25% do espazo radioeléctrico dispoñible para o servizo de televisión no ámbito estatal, de acordo co plan técnico nacional correspondente.

2. No ámbito de cobertura autonómico e local, as comunidades autónomas non poderán adxudicar aos prestadores de titularidade pública máis do 50% do espazo radioeléctrico dispoñible para o servizo de televisión no ámbito autonómico correspondente de acordo co plan técnico nacional.

## CAPÍTULO III

### **Oficina de defensa do consumidor de produtos enerxéticos**

*Artigo 4. Creación e posta en funcionamento da Oficina de Defensa do Consumidor.*

A Comisión Nacional de Enerxía procederá de inmediato á creación e posta en funcionamento dunha oficina de defensa do consumidor de produtos enerxéticos.

*Artigo 5. Modificación do punto terceiro.1 da disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

Modifícase o punto terceiro.1 da disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, engadindo unha función nova décimo novena, cuxos termos son os seguintes:

«Décimo novena. Exercerá por medio da Oficina de Defensa do Consumidor as seguintes funcións:

a) Informar e atender o consumidor de produtos enerxéticos.  
b) Resolver controversias entre operadores do sector enerxético e consumidores de produtos enerxéticos. Esta función de arbitraje terá carácter voluntario para as partes.

c) Informar a Secretaría Xeral de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio das reclamacións e propor, se for o caso, as correspondentes melloras regulatorias.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase en virtude da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións establecida no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución respecto ao establecido no título I; na competencia do Estado establecida no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> e 27.<sup>a</sup>, referentes, respectivamente, á competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións, e á súa competencia, para establecer as normas básicas do réxime de prensa, radio e televisión, para o establecido no título II e, finalmente, para o título III na competencia de carácter básico en materia de sector enerxético, de acordo co establecido no artigo 149.1.25.<sup>a</sup>

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO